

Para quen é a inmunización pasiva?

- **Neonatos nados en tempada** (25 de setembro de 2023 ao 31 de marzo de 2024). Recibirán a **inmunización no hospital** tras o nacemento.
- **Nenos/as nados antes da tempada** (dende o 1 de abril de 2023). **Serán citados** ao comezo desta para inmunizarse canto antes.
- **Prematuros e lactantes con alto risco de enfermidade grave por VRS.** Serán citados ao comezo da campaña.

Como se administra?

A administración será no músculo da **zona anterolateral da coxa**, como o resto das vacinas.



PROGRAMA GALEGO DE VACINACIÓN



<https://www.sergas.gal/Saude-publica/PGV>

Anticorpo fronte ao virus respiratorio sincitial (VRS)

PREVIR A ENFERMIDADE GRAVE E A HOSPITALIZACIÓN





Que é o virus respiratorio sincitial (VRS)?

É un virus **estacional frecuente e moi contaxioso** que infecta case todos os lactantes nos dous primeiros anos de vida.

É unha das **principais causas de bronquiolite e pneumonía** en lactantes e nenos/as pequenos.

Ademais é a **principal causa de hospitalización durante o primeiro ano de vida**.

Cal é o período de circulación do VRS?

Adoita circular dende o **outono ata a primavera** (outubro a marzo).

Como se transmite?

A través das **secrecións orais ou nasais**:

- De persoa a persoa ao tusir ou esbirrar.
- Tamén por contacto con superficies contaminadas.

Que síntomas presenta?

Os síntomas leves son moi similares **aos dun arrefriado** (conxestión, tose, diminución do apetito...).

Non obstante, os síntomas poden progresar e requirir atención sanitaria.

Existe un tratamento específico?

Na actualidade non existe un tratamento concreto para o VRS.

O tratamento vai dirixido a aliviar os síntomas, por este motivo **é fundamental a prevención**.

En que consiste a prevención do VRS?

Medidas hixiénicas

- Lavado de mans.
- Lavado frecuente de xoguetes, roupa de cama, superficies, etc.

- Reducir visitas, bicos e abrazos aos lactantes.

Inmunización pasiva

A Dirección Xeral de Saúde Pública introduce no **Calendario de inmunización ao longo de toda a vida** un anticorpo (nirsevimab) que consegue **protexer o lactante de forma efectiva dende a súa administración**.

Ao tratarse dun anticorpo, a protección é inmediata, xa que non depende do sistema inmunitario do neonato (como sucede coas vacinas).

